

TEMA 3. FERRAMENTAS, RECURSOS E ESTRATEXIAS (parte 2)

Unha vez que sabemos como elaborar o guión e unha folla de necesidades técnicas podemos comezar a coñecer os diferentes tipos de recursos máis empregados á hora de elaborar este tipo de pezas audiovisuais. É importante indicar que aquí o único límite é a vosa creatividade xa que pode ser un vídeo sen voz (como o amosado de exemplo no tema 2), pode ser un vídeo con multitude de creación dixital, podemos empregar materiais físicos elaborados por nos ou polo alumnado noutra parte da unidade ou como parte dun proxecto, etc.

Imos dividir en tres partes fundamentais: o que entendemos por “medios ou equipos técnicos”, é dicir, elementos como cámara, iluminación, dispositivos de gravación de son, etc, e outro tipo de recursos ou estratexias creativas que conformarán o tipo ou estilo de peza audiovisual que imos crear.

FERRAMENTAS E ESTRATEXIAS.

Como dicíamos anteriormente o límite á hora de crear só está na imaxinación do docente pero imos tentar facer un resumo das técnicas máis empregadas, nalgunhas precisaríamos de máis recursos técnicos e outras son as que se denominan “low-tech” ou de baixa tecnoloxía.

DOCENTE + TABOLEIRO (DIXITAL OU CONVENCIONAL)

Crear un unha peza de aula invertida non ten que supoñer dun xeito obrigatorio o emprego de novas tecnoloxías. Tan só instalando unha cámara nun trípode e realizando unha pequena explicación maxistral diante do taboleiro podemos realizar unha infinidade de vídeos onde o docente controla totalmente o contido e a contorna. Ao igual que nunha sesión na aula convencional podemos empregar rotuladores ou xiz de varias cores para ir avanzando no contido e incluso dispoñer de outros soportes gráficos impresos que iremos colocando no taboleiro con imáns ou masilla.

O emprego deste tipo básico ten que ser avaliado inicialmente xa que non suporía para o noso alumnado unha gran diferenza coas sesións convencionais e pode que afecte negativamente á súa motivación.

Realmente moitas das posibles estratexias ou tipos de pezas para aula invertida son unha evolución desta forma tradicional de ensino. De feito, se queremos aumentar o nivel de uso da tecnoloxía tan só teríamos que empregar un tableiro dixital, onde poderíamos desde traballar do mesmo xeito que co tableiro convencional ata elaborar contidos moito máis complexos, como veremos nos vindeiros apartados.



“SCREENCAST” ou GRAVACIÓN DA PANTALLA



Posiblemente o método para elaborar pequenas pezas audiovisuais con contido formativo máis empregado desde fai uns anos. Aínda sen saber que esta técnica coñecese co nome “screencast” practicamente a totalidade de vos a coñecedes e

funciona dun xeito moi doado:

- Unha aplicación instalada na nosa computadora crea un arquivo de vídeo co que se ve en cada momento na nosa pantalla.
- Ao mesmo tempo grava o son que recolle o micro (ben sexa integrado nun portátil ou con micrófono externo conectado á computadora).

Durante este tempo de duración o docente pode empregar varias estratexias como por exemplo ir amosando diferentes gráficos, escribir nun procesador de textos ou incluso facer esquemas nun programa de deseño gráfico que o permita.

Os programas máis populares para realizar esta tarefa son:

- Screencast-o-matic
- Active presenter
- OBS Studio
- Apowersoft Free Online Screen Recorder

Todas estas aplicacións dispoñen de versión tanto de balde como de pago e algunha pode presentar algunha vantaxe puntual respecto a outra, como por exemplo a posibilidade de retransmitir en directo a creación do “screencast”, pero todas teñen a mesma finalidade básica: realizar unha gravación da pantalla da computadora e sincronizala co son que recolle o micrófono, e dicir, nós mesmos falando.

Diciamos nestes mesmo punto que no “screencast” podemos engadir todo tipo de contidos e técnicas que poidamos levar a cabo na computadora. Para isto existe unha aplicación tremendamente útil que nin sequera temos que instalar: “**classroomscreen.com**”. Con cargar unha páxina web xa temos a nosa disposición ferramentas para debuxar, posibilidade de cambiar o fondo, ferramentas de texto convencionais, etc. En realidade é unha aplicación pensada para empregar co taboleiro dixital que vai ser moi útil, senón imprescindible, para realizar este tipo de vídeos de aula invertida.

Nesta ligazón atoparedes un vídeo (en inglés con posibilidade de subtítulos en galego) na que empregando a técnica do “screencast” coñeceredes como traballar con “classroomscreen.com”

<https://youtu.be/j6EwMrFhogA>

DOCENTE+ TABOLEIRO DIXITAL + “SCREENCAST”

A seguinte evolución lóxica é mesturar os dous métodos dos que xa falamos ata agora: unha gravación do docente no taboleiro dixital máis unha gravación en forma de “screencast” do contido que durante a lección vaise amosando no taboleiro dixital. Obteremos así dous vídeos paralelos que poderemos editar ao noso gusto coa finalidade de, por unha banda, ter a presenza do docente para introducir e reforzar certos contidos e, doutra, dispoñer do material audiovisual empregado na máxima calidade posible. Combinando con calquera software de edición de vídeo os dous resultantes das gravacións obteremos un resultado moito máis rico.

O MÉTODO FIZZ

Este método foi desenvolvido polo Doutor Lodge McCammon e tamén forma parte dunha desas estratexias das que falabamos, as denominadas “low-tech”, onde pretendemos focalizar a atención no propio contido educativo deixando a un lado as barreiras tecnolóxicas.

O seu funcionamento é moi doado. Dispoñemos toda a información nunha serie de paneis brancos de papel ou cartón dun tamaño moderado (sobre A2 aproximadamente) e unha vez que temos todo escrito e debuxado gravamos un vídeo en primeira persoa onde non se vexa nada mais que os cartóns e a nós explicando de xeito directo. O doutor McCammon recomenda este método por estas razóns:


- precisamos dunha tecnoloxía moi sinxela
- promove a toma de notas polo alumnado o que mellora a súa comprensión
- Non necesitamos grandes medios técnicos para acadar unha gran calidade no vídeo

- creamos un modelo creativo simple centrándonos no contido, non na tecnoloxía

Nesta ligazón podes atopar ao propio creador explicando como traballar este método empregando o propio método.

<https://youtu.be/GuA8fPCHu9c>

“LIGHTBOARD” ou “TABOLEIRO DE LUZ”



Para rematar este apartado falaremos dos taboleiros de luz. Aínda que seguro que xa os coñeces pola súa aparición en numerosos programas e series de televisión pode que nunca pensarades en empregalos no eido educativo.

En realidade funcionan como un taboleiro convencional pero con dúas vantaxes fundamentais:

- podes manter o contacto visual co alumnado, ben sexa fisicamente nunha aula convencional ou ben mirando á cámara na gravación dun vídeo
- gran visibilidade das cores cas que escribimos.

Na actualidade non son doadas de atopar a venda, e moito menos por prezos aceptables pero no vindeiro apartado veremos como construír unha dun xeito moi doado.

Nesta ligazón podes atopar un vídeo formativo onde se emprega o taboleiro de luz.

<https://youtu.be/43j9RcDlv14>